



## ANEXO

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "ACOUGO" NO PROXECTO HOME DE ATENCIÓN, REHABILITACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS NO EXERCICIO 2025

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Igualdade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Monte do Gozo o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2025, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a realización por parte da Fundación Monte do Gozo dunha serie de actuacións encamiñadas a inserción sociolaboral de persoas con Patoloxía Dual, a través do Programa "Acougo", englobadas no Proxecto Home de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase por estar recollida nominativamente na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais





da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, de acordo co establecido no artigo artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

